


CONTOS DO CASTROMIL
-21-

O último rei dos galegos

MANUEL RIVAS





**Fotografía publicada no Álbum de Galicia (Consello da Cultura Galega)*

Manuel Rivas

Naceu no Coruña en 1957. Compaxina as actividades xornalística e literaria. Como periodista colabora nos xornais *El País*, *La Voz de Galicia* e *A Nosa Terra*, e ademais dirixe a revista cultural *Luzes de Galicia*.

Como escritor literario ten publicados varios libros de poesía e en narrativa *Galicia*, *Bonsai atlántico*, de corte xornalístico, *Un millón de vacas*, libro de relatos, e *Os comedores de patacas*, a súa primeira novela.

CONTOS DO CASTROMIL

Nº 21. Primavera. 1992

© Manuel Rivas.

© Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística

Dirección literaria: Xosé González Martínez, Xoaquín Monteagudo, Paulino Novo, Xosé M. Rodríguez Abella.

Deseño gráfico da Colección: Fausto C. Isorna.

Fotocomposición: Zero. Santiago

Producción: Ir Indo Edicións. Vigo

Depósito Legal: VG-542-92

*Estes libros son un complemento gratuito ó seu billete de viaxe en Transportes Castromil.
A súa venda está prohibida.*

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

H(ic) R (equiescit) D. García Rex Portugaliae et
Galeciae / filius Regis Magni Ferdinandi. Hic ingenio
captus a fratre suo in vinculis obiit.

Era MCXXVIII, XI Kal. Aprilis.

*Aquí xaz D. García, rei de Portugal e de Galicia, filio
do Rei Fernando, o Grande. Feito prisioneiro con
artimaña polo seu irmán, morreu encadeado.*

22 de marzo de 1090.

(Epitafio no sartego de D. García I de Galicia, no real
mosteiro de San Marcos de León).

***“Mandou que o enterraran encadeado, tal como
vivirá tanto tempo”.***

(Ramón Menéndez Pidal)

A calan os grilos o seu reclamo macho, ese rinchido de ás de nácara fina. Suspéndese a feira de zunidos na salvisebes e un verderolo zozobra na traidora azulina do ceo. O lagarto arnal lisca co seu anaco de arco da vella. Ten espanto o zángano do que ven os seus miles de ollos. Alguén deu unha orde terrible que devolveu a loba ao tobo e o vento ao mar de fóra. Silencio. O abade preme no peto do saión o seu dente de allo e os seus labios amagan uns latíns. *Venit Pater...* E vén o lóstrego a chiscar doente nos bronces de Moraime, a fina espada arrastrando os grillóns polo faiado celeste.

O abade pecha os ollos e deixa pasar o trono. Disgústalle a imprecisión da natureza, ese desgoberno de anxos caprichosos aos que Deus confiou o calendario. Se cadra cae pedra no Ribeiro, pensou con dor. Sentía no corazón os chuzos que desangran os acios. Co viño que el catara poderían mover en Nemancos un muíño de auga. Mais baixouno da uveira un rincho inconfundible.

—¡Ceo Santo! ¡O cabalo do rei!

Frades e legos, caseiros e criados, asomaron ao adro desde o acobillo do lintel das portas. Era digna de ver aquela besta que chamaba por todos. O garañón, puro acibeche, arrodeou o cruceiro con pasos de marcha real, saudou con elegante inclinación e logo mirou a fito cara o abade, apoiado xa na balaustrada de pedra de glicina. Só faltaba que o cabalo falara e antes que tal ocorrera o superior berrou escéptico.

-¡Dez soldos galicianos a quen prenda esa besta!

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

O de acibeche alzou as defensas dianteiras e botou outro rincho de sete estalos.

—*¡Dez soldos de ouro, da parte do rei D. Alfonso!*

Estaba no alto, mais aínda así arredou medio corpo cando o nobre foi cara ó balcón con risotada de beizos. O de acibeche fora veterano en Santarem, na fronteira do mouro, pero andaba moi lixeiro de cascos, que resoaban nas lousas como se fose toda unha partida. Fixo outro adorno fino e logo agallopou con ledicia de crina polo inmenso lenzo da avea. Saudou nun outeiro e perdeuse acanda o trono.

No adro había agora un xentío. Algúns miraban de esguello cara ó señor da cruz e da espada e Sisto, o abade, sentiuse interpelado. Sabía que a de que o cabalo do rei de Galicia aparecera en Moraima sería noticia que había de correr terra adentro e montaña arriba, como fan os ríos do país pola noite. Dezaseis anos levaba preso D. García no Gástelo de Luna, en Terra de Foris, por traición do seu propio fratre D. Afonso. A morte do outro irmán, o Sancho de Castela, fora o rei dos galegos a selar paz desde o desterro de Sevilla. En proba de boa vontade, levaba un exército de xograres. Puxéronlle cadeas en brazos e pernas.

Non lle quitan os grillóns nin de día nin de noite, pensou ao retirarse. Fóra xa chovía con devoción e o repenique das pingueiras ía borrando o ronsel dos marmurios paisanos. Na súa turbación, pareceulle entender nidiamente os falares esquivos.

—*¡Déixano morrer coma un can preso!*

- ¡Doéralle máis a covardía dos seus cás cadeas do cárcere!*
- ¡Morrerá de tristura sen escoltar o Avia!*
- ¡O seu reino é un anel de néboa!*
- ¡Xa non hai Señores, só ladróns de castelo e rectoral, ladróns con brocado de ouro!*
- ¡Nin homes hai senón homiños!*
- ¡Se vira o rei normando valer a D. García mudarían como un papaventos!*
- Son a vergoña da Cristiandade! Máis honra ten almostaín, o mouro de Sevilla, que deu fogar ao desterrado!*
- Venderon a Ovéquiz e a Páez, a honra de Galicia!*
- A súa nai venderían por dez soldos de ouro!*

Como se se sentira perseguido por voces no corredor, Sisto deu a volta de súbito pero só escoitou, aló no fondo, o ranxer dunha porta. Unha figura renqueante foise achegando a el.

—*Este carallo de reuma vaime acompañar ao paraíso.*

Era Aras, o vello frade de Elviña, autor dunha fermosa e desmitificadora historia da cidade de Bragancia, que agora chaman Crunia, reivindicador de San Benitiño de Paredes fronte ao novo culto modernista de San Benitiño do Lérez e deseñador de curiosos e inútiles artefactos futuristas como unha xigantesca carroza movida con combustible de toxo que, segundo el, habería de comunicar os mil castros galegos polo que lle deu en chamar Castromil.

—*¡E ti tampouco tes boa cara, amigo Sisto! Ven. Probemos na cela un remedio de Amandi. ¡Sangue de Cristo!*

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Aras era a única compañía con quen Sisto se sentía a gusto na abadía. Tratábao como un igual, sen servidumes, e iso dáballe confianza. O vello frade envolvía en desaliño e humor unha sabiduría que ás veces lle parecía pouco acorde coa doutrina, pero sentíase atraído polas ocorrencias daquel maxín cheo de paxaros e ousadías. Parecía estar de volta de todo, pero logo sorprendíao con fondas crenzas, expresadas con entusiasta inocencia. Desde logo, para el Deus estaba en todas partes. Sobre todo na fermosura feminina.

—Fíxate nestes pergamiños —dixo Aras, xa na cela, e despois de encher dúas cuncas con divino tinto.

—¡Deus!

—¡A miña postreira obra! Como podes supor, o título este de Os sete pecados capitais é para disimular.

¡Mira que donas, que marabilla da creación! Esta que ves aquí, a da luxuria, ¿a quen se che parece?

—Pois... ¿e será a fidalga que confesa contigo?

—¡Vai de aí! É a panadeira de Dozón!

—¡Es un vello sátiro!

-Mágoa dos tempos, Sisto! Non é máis que alegre nostalxia.

—¿E ese demo?

—Bo, tamén para disimular.

—Fáiseme coñecido...

—Ese son eu, Sisto, ese son eu.

O pano da noite vaise pousando nas xanelas. Á luz dos cirios, os bosquexos dos pergamiños de Aras van collendo o ar das obras inmortais. Pero despois do agradecido desvarío, volveu aos ollos do abade unha sombra malfada.

—Ese cabalo, Aras, anda a trotar nos adentros.

—Déixao correr.

—Se o fago, lévame lonxe. ¡Ao castelo de Luna!

—Non o deixes pasar dúas veces diante túa. ¡Quen puidera pillalo!

—¿Sabes a miña historia?

—Seina. Dos ovos ás mazás.

—Crieime con el, co meu señor García, na escola catedralicia do santo bispo Crescencio. Dabásenos ben a Música e a Astronomía, pero tamén xuntos aprendemos as artes da cabalería. ¡Iamos ás carreiras polo castro da Ferradura! Eramos como irmáns, dos de verdade, e non coma esoutros fillos do mesmo pai que cuspen sobre a sagrada memoria...

—Seino, seino.

—Pero a xente, Sisto, cre que lle fun traidor desde o de Vérnula. E non é certo. Eu advertino e el pensou que lle viraba as costas. O rei e Vérnula tiñan razón pero enganábanse en cuestión de poder. Querían facer un reino, un reino de verdade, pero subestimaban a forza dos señores da terra. Eu díxenlle: pásalles a man polo lombo.

—¡Había que darlles de comer aos porcos!

—Pero non o entenderon así. Vérnula dicía: son covardes, hai que ladrarlles e non mover o rabo. Se cada tiña razón.

—Cortáronlle o pescozo diante do rei. ¡Que vergoña!
¡Os nobres de Galicia só se poñen de acordo para foder ao país!

—Eu marchei, Sisto. Refuxieime nos libros.

Traicióname o que sei de Astronomía. Considérame o de Terra de Foris un dos seus e Xelmírez respétame.

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Déronme a abadía por galaño e téñenme por ben comprado. Pero o que vexo no ceo dáme espanto. Cando miro as estrelas cegánsese os ollos de bágoas. E agora este cabalo trota e trota.

—¡Vai con el!

—¡Irei! ¡Buscaría unha ducia de galegos vellos, dos que teñen palabra!

É a derradeira esperanza, pensou Aras. Se un grupo de galegos conseguira entrar no castelo de Luna e liberar ao rei, quizais a noticia espertara ás vilas e aos nobres con honra. Ou quizais viñera o rei normando, guiado pola luz do faro de Bragancia. Quizais...

Amenceu o día sementando lirios e calas no val mariño de Soesto. Cantan os galegos a fartura na Casa de Traba. Cantan axiña tamén os carros nos rodeiros. Despreguiza paseniño o tapiz o muxido da vaca. Foza o porco no mol da eira e as ovellas desconfían do mundo. A humanidade busca ferramentas e caminos. Soergueuse cedo o señor pois xa ladran en coral os cans. Almorza con sopas de tinto e unhas tiras de freba de porco bravo. De súbito, todo cala cun rincho de treboada.

—É o abade de Moraime, señor. Vén en besta de moito porte.

—¿O abade de Moraime? ¿E que quererá ese dómine a estas horas?

—E vén armado de guerreiro, señor. A pouco non o conezo.

—Mándaos pasar —dixo o Señor de Traba ao de confianza— e pon logo dous homes con ferros na porta. Sen barullar.

¿De guerreiro? O Señor de Traba non tiña ao de Moraime por un armadanzas e parecía home de sentido, manso, bo comellón, e co único defecto de darse ao vicio dos libros de Astronomía. Pero cando se lle presentou na porta pareceulle outro home, unha estraña aparición. Semellaba máis alto e forte, curtido como se chegase da fronteira, e cun algo de decisión indómita na mirada.

—¡Almorzo de xabarín, amigo Sisto! ¡O mouro pode esperar! —saudou o de Traba con ironía.

—¡Mórresenos o rei, Señor de Traba! — dixo o de Moraime sen máis voltas— ¡Lino nas estrelas!

Mudou o sorriso o de Traba, sobresaído do nos adentros por falar tan espido. Desde pasara o que pasou, e no tocante aos xerarques, dominaba a metáfora raposa. Este home está tolo, pensou.

—¿De que rei me falas Sisto? —dixo con sorna, tentando dominar a conversa.

—*Dezaseis anos leva o rei de Galicia con grillóns nos pés* —respondeu Sisto, disposto a non deixarse enredar—. *¡Nin os séculos borrarán esa vergoña!*

O Señor de Traba sentou facendo un aceno a Sisto para que tamén pausara. A luz do verán tardío entraba pola xanela con ledicia de xílgaro. O da casa grande mollou a palleta. Falaba agora sen dobrez.

—Fíxate, Sisto. Un lóstrego queimou onte unha chouza e deixou tesas tres ovellas. E mira hoxe que fermoso día.

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

—Eu escoito as cadeas pola noite, escoito o pranto do rei.

—Para ese mal hai remedio, Sisto. Eu durmo ben e cos pes quentes. ¿Quen se acorda do rei?

—Se os señores de Galicia quixeran...

—¡Os señores de Galicia xa temos rei! —berrou de súpeto o de Traba co puño na mesa— ¡Nós somos o rei! Esa foi a perdición de D. García e dese tolo, ese don ninguén, ¿como se chamaba?...

—Vérnula.

—¡O Deus que o fíxo! Esa foi a perdición. Meter man aos señores, dicían, ha, ha, ha. ¿Quen se acorda do rei, Sisto? ¡Catro xograres! ¡Vaite durmir, Sisto!

—Escoito as cadeas. ¿Ti non as oes? Buscarei unha ducia de galegos con honra.

—Busca dúas boas tetas.

—Pensei que me darías tropa.

—Dáte contente con que non te prenda.

Unha ducia de xinetes galegos vai cara a Terra de Foris, coidando de coller os atallos e pasar por camiños de antes. Polo xeito de gobernar as bestas ben se ve que non todos son cabaleiros e un par deles polo menos son estudantes, pois van sentados do revés. Máis de medio ano leva Sisto chamando nas portas dos castelos e das casas grandes. Correu a voz de que toleara o de Moraime por mor do rumbo das estrelas e a xente dálle cova pero máis nada. Perdeu moito peso pero o seu aspecto é, noustante, o dun cabaleiro lanzal, con longa barba arroibada. O cabalo de acibeche dálle un aire imponente.

É durísimo este inverno do 1090. Grallan os corvos ao paso da

comitiva e no seu voo parecen escribir con tizón negros agoiros sobre a neve.

—*Esta paxarada ponme nervioso* —dixo un dos estudantes, ese que chaman Nuno.

—*Se cadra hai lobos famentos por estes rústicos confíns* —dixo o outro, Rodrigo, recén licenciado en retórica.

—*O que hai é moito cu con medo* —dixo Brigos, que era ferreiro de oficio. De ir todo ben, sería el o chamado a liberar as cadeas do rei dos galegos.

—*¡Hai tamén troitas de trinta libras!* — berrou sorrinte Francisco, un barbeiro que tiña sona de fantasioso e que sinalaba o Sil á vista.

Completaban o grupo un cego cantor, chamado Miro, un canteiro de Poio, un fibleiro de Crunia, un labrador de Celas, un panadeiro de Cea, un capador de Betanzos, un mouro galego de Celanova e un xudeu galego de Ribadavia. A idea era ir abeirando o río ata a terra galega do Bierzo e logo encamiñarse ao obxectivo final do Castelo de Luna, entrar na fortaleza por sorpresa, facéndose pasar por monxes francos necesitados de pausada, para o que Sisto se provera de suficientes hábitos, e chegar onda o rei.

—*¡Saúde e Terra, meu señor! ¡Chegaron os galegos!*

Iso era o que tiña pensado dicir Sisto cando entrara no caldeiro real.

Metido nesas cavilacións que o facían feliz, non se decatou Sisto nin a comitiva de que eran vixiados e seguidos de

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

preto. Nun recanto do sendeiro, sombrizo de ameneiros, os conxurados víronse trabados por unha morea de xentes de a pe e de a cabalo. De entrada, Sisto decatouse de que non eran tropa. Falou un ao que levaba o bordado dunha caveira e a lenda AC&DC.

—¡A guita, tíos!

—¡Só levamos o ar que respiramos! — adiantouse a dicir o licenciado Rodrigo.

Aquilo desconcertou tanto a amigos como inimigos. A piques estiveron de botarse a rir.

—¿Sodes galegos? —preguntou Sisto.

—De Monforte, tío —dixo o da caveira—. Menos aquel pequecho, que é de Escairón.

O pequecho riuse cunha boca sen dentes.

—Ben —dixo Sisto, poñéndose moi dereito sobre o de acibeche—, escoitade. Non podeades asaltarnos. Levamos unha misión para salvar Galicia.

*—¿E logo que lle pasa a Galicia? —dixo o da caveira—
Nós vémolos no seu sitio.*

—O noso rei, galegos, está a morrer encadeado no castelo de Luna. Dezaseis anos que leva con grillóns. ¡Cada minuto que nos facedes perder cae do relaxo de Galicia!

—¿Dezaseis anos dis? —preguntou o xe fe da partida.

—Vai pra dezasete.

—*¡Pois tarde acordastes del! Saiba vostede, señor cabaleiro, que nós non temos rei. ¡Nada por riba das nosas cacholas!*

Os colegas bandidos aplaudiron a resposta do da caveira.

—*¡Abride paso á honra de Galicia!* —bramou Sisto.
—*¡Era boa!*

Como lóstrego, Sisto botou man do ferro ao tempo que o de acibeche daba un rincho de poderío. Salvárase el e catro máis: o cego cantor, o mouro de Celanova, o xudeu de Ribadavia e mailo ferreiro. Este último saíra vivo pero malencarado da contenda. Foi como se lle entrase un meigallo no corpo e Sisto, alertado polas continuas maldicións que saían da boca do ferreiro, decatouse de que se lle puxera unha peca negra na meixela. Pasa ás veces, segundo contan os libros, cando se cruza de mal xeito cara a Terra de Foris. Sabía Sisto o que iso significaba: era o sinal da traición. Parouse diante del e mirouno en fito.

—*¿É certo o que algúns dicían por Galicia?* —
preguntou o ferreiro con estraña rexouba.
—*¿E que dicían?*
—*¡Que o noso rei é algo maricalla!*
—*Non sabes o que dis. Entrouche a sombra.*

O ferreiro botouse a rir cunha histérica gargallada.

—*Dáme as tenaces* —dixo Sisto con firmeza.
—*Toma, toma a ferramenta* —dixo o outro, sen parar os risos. *¡Eu voume de putas a Vilafranca!*

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Era o 21 de marzo do 1090. Ao veren o castelo de Luna no horizonte, no peito dos catro conxurados brincou un só corazón. Nun recuncho, cambiaron as xa roídas vestimentas polos hábitos de frade. Pegadas ás carnes, baixo a roupa, Sisto notaba a friaxe do ferro das tenaces e o seu contacto dáballe azos. Déronlles entrada á fortaleza sen problemas pero o home de armas que lles deu paso non respondeu aos seus latíns de louvanzas a Deus. Foi alí, xusto ao cruzaren o patio do castelo, cando cortou o ar o tanxer dun bronce de requiem.

—En bo día viñeron —dixo o soldado sen deterse—. Hoxe poderán rezar pola alma dun rei.

—¿E de onde era rei? —preguntou Sisto en voz alta, facéndose de novas.

—De Galicia, ha, ha..

E os risos do de armas ecoaron no patio case tanto coma o laio das campás.

Os “Contos do Castromil” foron unha serie de 30 relatos de autoras e autores galegos que se repartían a bordo do autobús nos anos 90, chegando a distribuírse 450.000 exemplares. Ningún cobrou polos textos mais si recibiron un carnet que lles permitía viaxar sen pagar nas liñas do Castromil.

Foi unha iniciativa da Asociación de Funcionarios para la Normalización Lingüística, contou co patrocinio da Xunta de Galicia e foron editados por Ir Indo entre 1992 e 1994.

Monbus decidiu reeditalos dixitalmente para que cheguen a máis xente e seguir difundido a literatura e a cultura en galego.

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Contos do Castromil é unha colección que pretende achegar ó lector e viaxeiro unha selección de autores de relato galego que o leven tamén pola rota da imaxinación.

